



CARTA ABERTA AO EXCMO. SR. D. JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO. PRESIDENTE DO GOVERNO DO REINO DE ESPAÑA

Madrid, Decembro de 2008

Excmo. Sr.:

A Coordinadora para a Prevención da Tortura (CPT), formada por 44 organizacións de defensa de Dereitos Humanos, constituída en Novembro de 2004 con o propósito de velar pola aplicación e seguimento dos mecanismos internacionais de prevención da tortura no Estado español, de maneira especial o Protocolo Facultativo da Convención das Nacións Unidas contra a Tortura e outros Tratamentos ou Penas Cruéis, Desumanos ou Degradantes (doravante **Protocolo**), dirixese novamente a V. en relación con a posta en marcha dos Mecanismos Nacionais de Prevención da Tortura (**MNPT**) previstos no citado **Protocolo**.

Como V. sabe, durante os dous últimos anos produciron-se varias reunións entre a Administración (representada polo Ministerio de Xustiza, o Ministerio de Interior e o Ministerio de Asuntos Exteriores –Oficina de Dereitos Humanos-), Oficinas dos Valedores (Defensor del Pueblo, Sindic del Greuges e Ararteko, entre outras-) e organizacións da sociedade civil (organizacións de Dereitos Humanos –entre elas a **CPT**- e mundo profesional e académico) dentro do que deu en chamar-se “grupo de contacto” para a implementación do **Protocolo** e dos **MNPT**, previstos nese Protocolo.

Este proceso parece ter finalizado por decisión unilateral da Administración do Estado, sen que até hoxe se teña facilitado unha explicación da mesma. É por iso que, o pasado mes de Outubro, nos diriximos a V. solicitando que:

1. Se fixese chegar a esta Coordinadora, así como ao resto da sociedade civil que participou de boa fé nas reunións mantidas e así o solicitaren, o texto do proxecto elaborado polo Goberno sobre o/os futuros **MNPT**, con o obxecto de podermos efectuar alegacións ao mesmo.
2. Se fixese público o calendario previsto polo Goberno para a entrada en vigor do **Protocolo** e do **MNP da Tortura**.
3. Se reactivase o proceso de consulta con a sociedade civil, para cumprir con o requisito de transparencia e participación da sociedade civil que establece o texto do Protocolo, e
4. Se volveuse convocar o “**grupo de contacto**”, con todos os colectivos que até agora viñan participando e aqueles outros que pudesen sumar-se no futuro.

Como resposta à nosa petición, o pasado 17 de Novembro, D. José Enrique Serrano Martínez, Director do Gabinete da Presidencia do Goberno, no seu nome,



facia-nos saber que:“...en breve e no cadro do **Plano Nacional de Dereitos Humanos**, o **Gobierno** propondrá un modelo de Mecanismo tal e como está previsto no **OPCAT**. Éste será trasladado aos interlocutores sociais para a súa posta en comun e perfilar de modo definitivo a súa configuración”.

Perante esta resposta temos de salientar varios puntos:

PRIMEIRO: A **CPT**, que participou desde o principio –en Outubro de 2006- no proceso de consulta sobre a implementación do **Protocolo** e **MNPT**, foi excluída do proceso de consulta relativo ao **Plano Nacional de Dereitos Humanos**, e iso a pesar de, en varias ocasións, ter-se solicitado desde a Coordinadora información sobre o desenvolvemento do Plano e ter mostrado a súa vontade de participar na elaboración do mesmo, facendo alegacións, etc. Peticións que nen sequer mereceron contestación.

A resposta do Director do Gabinete da Presidencia parece indicar que, en lugar de utilizar e respeitar os canais xa existentes para a discusión dos **MNPT's**, voltando a convocar “**grupo de contacto**” existente, alargando-o se for preciso, pretende-se trasladar o debate ao cadro da discusión do Plano Nacional, cando neste debate non foron convidadas organizacións que, como a **CPT**, se mostraron moi activas na luta contra a tortura e moi críticas con os criterios governamentais à hora de pór en marcha os **MNPT's**.

Desta feita, ficarian excluídos nos futuros debates e acordos sobre os **MNPT's** os colectivos máis críticos e comprometidos na erradicación da tortura e os que están en contacto directo con as súas vítimas, exclusión que permitiría ao **Gobierno** apresentar o seu proxecto de **MNPT**, que prevé a súa dependencia orgánica da Oficina do Defensor del Pueblo, como o resultado de un acordo con a sociedade civil.

SEGUNDO: Apesar de ter sido excluída do proceso de consulta, a **CPT** tivo coñecemento do “terceiro rascuño” deste Plano, elaborado polo **Gobierno**, con data 18 de Novembro pasado, e se ben a valoración do mesmo será feita no seu caso noutro momento, hai aspectos que, por se referiren directamente à tortura e outros Tratamentos ou Penas Cruéis, Desumanos ou Degradantes, non podemos deixar de pór de manifesto neste momento. E así no rascuño do **Plano Nacional de DDHH**:

- Non se fai nengun recoñecemento da existencia de tortura e maus tratos, primeiro paso necesario para facer fronte a esta lacra. A palabra “tortura”, no ámbito interior, apenas é mencionada como parte do título do **MNPT**, e nen sequer é descrita ao falar da suposta “tolerancia cero” con as irregularidades dos **Corpos** e **Forzas de Seguranza do Estado**. A tortura, en xeral, é esquecida e en nengun caso se fai mención às vítimas da tortura ou do terrorismo de Estado.
- Ao falar de **MNPT** apenas se menciona a súa futura creación, sen se fornecer máis datos e convertendo o que debería ser unha ferramenta fundamental na política de prevención da tortura (unha política hoxe inexistente) nunha frase vacua que se repete dúas veces ao longo do texto.
- Produce-se unha devaluación das diferentes recomendacións internacionais en referencia às garantías xudiciais e persoais das persoas sob custódia do



Estado. A este respecto, sirva como exemplo que onde o Comité de DD.HH. da ONU recomenda “abolir” a detención incomunicada, o PNDH plantexa apenas unha regulación da mesma que nen sequer recolle todos os aspectos (Dereito da persoa detida a ser defendida e asistida por advogado e médico de libre elección e confianza, etc.) criticados polas institucións internacionais.

- Ao tratar dos dereitos humanos no ámbito penitenciario, non se fai referéncia ao dereito à vida e à integridade física e psíquica das persoas encarceradas: non se fai referéncia à tortura e maus tratos; e tamén non aos suicídios e mortos en prisión.

Perante estas e outras significativas auséncias, afirmamos que o Plano Nacional de Dereitos Humanos, tal e como está previsto nos rascuños até agora coñecidos, non é o cadro adecuado para a posta en funcionamento dos **MNPT's** previstos no Protocolo Facultativo da Convención das Nacións Unidas contra a Tortura e outros Tratamentos ou Penas Cruéis, Desumanos ou Degradantes.

Ben ao contrário, si permitiría ocultar a súa inactividade en relación à prevención e erradicación da tortura perante as institucións Internacionais, como xa tentou facer a Delegación española que compareceu o pasado mes de Outubro perante o Comité de DD.HH. das Nacións Unidas -ver as respostas à lista de cuestións (CCPR/C/ESP/Q/5) que deben abordar-se ao examinar o quinto relatório periódico do Goberno do Reino de España (CCPR/C/ESP/5) CCPR/C/ESP/Q/5/Add.1, de 14 de Outubro- cuando en resposta à pregunta “ **¿Por qué razóns o Estado parte aínda non establececeu un mecanismo nacional para a prevención da tortura?**” limitou-a anunciar a aprobación do que ali se denominava “**Plano de Acción de Dereitos Humanos**” antes de finalizar este ano.

TERCEIRO: Lembrando-lle que as diversas organizacións sociais que traballan en cuestións relacionadas con a tortura e os maus tratos (estatais e internacionais) afirmaron e reiteraron, publicamente e en reunións mantidas con a Administración, que o futuro Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura debe ser de nova creación, realmente independente, que os seus membros deben ser escollidos mediante un proceso público e transparente, e que as funcións deste mecanismo deben ser as que se contemplan no mesmo Protocolo.

Torno a reiterar-lle, en nome da Coordinadora para a Prevención da Tortura, as catro peticións xa efectuadas en Outubro pasado e que, consideramos non foron contestadas:

1. Que se faga chegar a esta Coordinadora, así como ao resto da sociedade civil que participou de boa fé nas reunións mantidas e así o solicitaren, o texto do proxecto elaborado polo Goberno sobre o/os futuros Mecanismos Nacionais de Prevención da Tortura, con o obxecto de podermos efectuar alegacións ao mesmo.
2. Que se faga público o calendario previsto polo Goberno para a entrada en vigor do Protocolo e do Mecanismo Nacional para a Prevención da Tortura.



3. Que se reactive o proceso de consulta con a sociedade civil, para cumprir con o requisito de transparencia e participación da sociedade civil que establece o texto do Protocolo, e
4. Que se convoque novamente o “grupo de contacto”, con todos os colectivos que até agora viñan participando e aqueles que puden sumar-se no futuro.

Mais unha vez, a Coordinadora para a Prevención da Tortura reitera a súa vontade de colaborar no proceso que cumpra con os principios de transparencia e respecto ás posicións das partes para a creación e posta en marcha dos Mecanismos Nacionais de Prevención, características que non se produciron até hoxe, o que impede que o goberno as invoque fronte à opinión pública e organismos internacionais de control e monitoreo deste Mecanismo. Ben ao contrario, consideramos que a forma de traballar é mostra evidente da mesquindade con que habitualmente se conduz o goberno perante cuestións relacionadas con maus tratos ou torturas. Aínda así, a CPT reafirma-se na súa vontade de permanecer vixiante en todo o proceso para evitar manipulacións como a presente, e reafirmamos o noso compromiso perante a opinión pública de denunciar calquera tentativa de desvirtuar o obxecto e o sentido destes Mecanismos de Prevención da tortura.

À espera das súas noticias e agradecendo-lle a atención prestada, despéde-se atentamente,

Jorge del Cura
En representación da
Coordinadora para a Prevención da Tortura

LA COORDINADORA PARA LA PREVENCIÓN DE LA TORTURA ESTÁ FORMADA POR:

Acció dels Cristians per l'Abolició de la Tortura (ACAT) - Alerta Solidària - Asociación APOYO - Asociación EXIL - Associació Catalana per la Defensa del Drets Humans - Associação Contra a Exclusão pelo Desenvolvimento - Asociación Contra la Tortura - Asociación para la Defensa de los Derechos de la Infancia - Asociación Libre de Abogados - Associació Memòria Contra la Tortura - Asociación Pro Derechos Humanos de Andalucía (APDHA) - Asociación de Solidaridad y Apoyo a los Presos de Aragón (ASAPA) - Behatokia (Observatorio Vasco de Derechos Humanos/Euskal Herriko Giza Eskubideen) - Centro de Asesoría y Estudios Sociales (CAES) - Centro de Documentación Contra la Tortura (CDDT) - Comissió de Defensa del Col.legi d'Advocats Barcelona - Comité Anti-Sida de Lugo - Concepción Arenal - Coordinadora Antirrepresiva de Gràcia - Coordinadora Contra la Marginación de Cornellá - Coordinadora de Barrios de Madrid - Coordinadora Estatal de Solidaridad con las Personas Presas (CESPP) - Esculca (Observatório para a defesa dos direitos e liberdades) - Eskubideak (Euskal Abokatuen Elkarte) - Etxerat (Euskal Errepresaliatu Politikoen Elkarte) - Federación de Asociaciones de Loita contra a Droga - Federación Enlace - Fundación Érguete - Gurasoak - Grupo 17 de marzo (Sociedad andaluza de juristas para la defensa de los DDHH) – Independientes - Institut Drets Humans de Catalunya - Justicia i Pau - Movimento polos Dereitos Civis - Observatori del Sistema Penal i els Drets Humans de la UB (OSPDH) - PreSOS Extremadura - PreSOS Galiza – Rescat - SalHaketa (Bizkaia) - SalHaketa (Araba) - Sos Racisme Catalunya - Torturaren Aurkako Taldea (TAT) - Santurtziko Torturaren Kontrako Taldea – Subcomisión de Penitenciario del CGAE - Xusticia e Sociedade